

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

14318 *Real decreto 760/2021, do 31 de agosto, polo que se aproba a norma de calidade dos aceites de oliva e de bagazo de oliva.*

España é o primeiro produtor e exportador mundial de aceite de oliva. O oliveiral e o aceite de oliva conforman un sector de gran relevancia económica, social e comercial no noso país e nos mercados internacionais, cunha demanda en constante crecemento. O obxectivo deste real decreto é actualizar a lexislación para adaptala á situación actual do sector e aos avances tecnolóxicos, promovendo a calidade do aceite de oliva como un dos piares básicos para o desenvolvemento deste sector.

En España, o Decreto 2484/1967, do 21 de setembro, polo que se aproba o texto do Código alimentario español, recolle os aceites de oliva no capítulo XVI, sección 2.^a Esta materia foi desenvolvida e regulada de forma específica polo Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles.

Na Unión Europea a normativa en materia de aceites de oliva e de bagazo de oliva está harmonizada mediante o Regulamento (CEE) n.º 2568/1991 da Comisión, do 11 de xullo de 1991, relativo ás características dos aceites de oliva e dos aceites de bagazo de oliva e sobre os seus métodos de análise, e o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007. Neles establécense as denominacións, as definicións, as características fisicoquímicas e organolépticas, e os métodos de mostraxe e análise dos ditos produtos.

Así mesmo, mediante o Regulamento de execución (UE) n.º 29/2012 da Comisión, do 13 de xaneiro de 2012, sobre as normas de comercialización do aceite de oliva, desenvólvense as normas de comercialización e o procedemento de colaboración administrativa entre a Comisión e os Estados membros relativo ás normas de control aplicables nestes produtos. Este regulamento derroga o Regulamento (CE) n.º 1019/2002, que foi desenvolvido no noso país con medidas complementarias mediante o Real decreto 1431/2003, do 21 de novembro, polo que se establecen determinadas medidas de comercialización no sector dos aceites de oliva e do aceite de bagazo de oliva.

O mencionado Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, foi modificado de forma reiterada e, ademais, a evolución das condicións produtivas e de consumo nestas case catro décadas fai necesario substituílo por un novo e específico para os aceites de oliva e de bagazo de oliva, pola súa singularidade e pola relevancia que esta produción ten no noso país. O feito de contar cunha norma propia, separándoa da doutros aceites vexetais, contribuirá a adaptar de mellor maneira os sistemas de produción e autocontrol, e as normas de envasado e etiquetaxe á normativa europea e á evolución dos criterios e avances tecnolóxicos. Ademais da actualización do seu contido, ordénase e simplifícase a norma, eliminando dela os aspectos hixiénico-sanitarios que están desenvolvidos e harmonizados nos regulamentos comunitarios de carácter horizontal aplicables na materia.

En consecuencia, procede derrogar o contido da sección 2.^a do capítulo XVI do Código alimentario español, aprobado polo Decreto 2484/1967, do 21 de setembro, e, así mesmo, derrogar o mencionado Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, no referente aos aceites de oliva e de bagazo de oliva. Por outra parte, a regulación desta

materia presentaba un problema de dispersión normativa que se abordou unindo as disposicións aplicables aos aceites de oliva e de bagazo de oliva, polo que procede a derogación das ditas normas, o que redundará favorablemente na seguridade xurídica.

A presente norma será de aplicación a todos os aceites de oliva e de bagazo de oliva elaborados e comercializados en España, sen menoscabo do cumprimento da cláusula de recoñecemento mutuo da Unión Europea.

De cara a preservar e pór en valor os aceites de oliva e de bagazo de oliva, así como a evitar posibles prácticas fraudulentas, faise necesario establecer nesta norma determinadas obrigacións dos operadores do sector en canto ás instalacións, prácticas non permitidas, documentos de acompañamento e rastrexabilidade dos produtos. Estas obrigacións e prohibicións deben ser de aplicación a todos os operadores, entendendo como tales as persoas físicas ou xurídicas que participen en calquera das etapas da produción e comercialización dos aceites de oliva e de bagazo de oliva, incluíndo, por tanto, os centros de compra de olivas, as cooperativas ou os lagares móbiles, entre outros. En particular, as obrigacións para instalacións recollidas no artigo 5, números 1 e 2, non serán de aplicación aos lagares, ás refinaerías e ás extractoras de aceite de bagazo que xa estivesen en funcionamento no momento da entrada en vigor desta norma.

En desenvolvemento do artigo 7 bis do Regulamento (CEE) n.º 2568/91 e sen prexuízo das disposicións do Regulamento (CE) n.º 178/2002, establécese a obrigatoriedade de manter un sistema de rastrexabilidade normalizado que permita localizar facilmente os produtos e insista na correcta identificación destes en todas as etapas da produción, transporte e comercialización dos aceites obxecto da norma.

Co sistema de rastrexabilidade coadjuvarase en promover a calidade alimentaria, en mellorar a confianza dos consumidores, en diferenciar os produtos respecto doutros similares, en recuperar e potenciar o mercado e en garantir, se for o caso, a retirada selectiva dos produtos.

Por outra parte, dado que os almacéns, distribuidores e comercios detallistas se dedican ao almacenamento, distribución e comercialización do produto envasado e debidamente etiquetado, e non poden manipular o contido dos ditos produtos, tendo en conta que deben, en todo caso, cumprir o establecido no Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria, considérase innecesario exixir a estes operadores a obrigación de manter o sistema de rexistros establecido na presente norma, ao se tratar dunha carga administrativa excesiva imposta a uns operadores que non se dedican exclusivamente ao sector do aceite de oliva.

Para facilitar aos operadores o cumprimento das obrigacións da norma e ás autoridades competentes o seu control, faise necesario implantar un sistema informatizado que una os datos dos movementos de aceites de oliva e de bagazo de oliva.

En materia de información alimentaria, así como en tolerancias sobre o control de contido efectivo dun envase, observarase o previsto no Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor, así como no Real decreto 1801/2008, do 3 de novembro, polo que se establecen normas relativas ás cantidades nominais para produtos envasados e ao control do seu contido efectivo.

Nos últimos anos evidenciouse que o mercado español presenta unha falta de diferenciación entre os distintos produtos do sector oleícola en comparación co mercado internacional. Isto pon de manifesto que o aceite de oliva necesita un reposicionamento. Co fin de lograr pór en valor os aceites de oliva e, en concreto, os aceites de oliva virxe extra como produtos de excelencia, cómpre implementar medidas que axuden e fomenten a imaxe deste produto tan emblemático para España.

Tendo en conta a importancia da cooperación e colaboración entre as administracións públicas é oportuno establecer un plan de control específico para a verificación da rastrexabilidade do sector do aceite de oliva e de bagazo de oliva, que poida ser posto en marcha polas autoridades competentes de control da calidade e defensa contra fraudes e que será adoptado pola Mesa de Coordinación da Calidade Alimentaria.

Por outra parte, co fin de mellorar a transparencia da información relativa aos controis de conformidade dos aceites de oliva efectuados polas autoridades competentes, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elaborará e publicará un informe que recolla o resultado das actuacións levadas a cabo.

En relación cos envases empregados para embotellar os aceites de oliva e de bagazo de oliva, esta norma céntrase nos requisitos necesarios que garantan que os envases sexan aptos para o consumo humano, que protexan o seu contido sen alteraren a súa composición nin afectaren negativamente as súas características, e en asegurar que os ditos envases protexen os aceites que conteñen de calquera práctica fraudulenta destinada a substituír ou cambiar o contido do envase por un distinto e de inferior calidade. Ao centrarse nos aspectos asociados á calidade dos aceites de oliva e de bagazo de oliva, axustándose ao obxecto da presente norma, queda en mans dos organismos competentes a regulación dos aspectos ambientais asociados aos envases, de tal maneira que a lexislación elaborada en relación coa economía circular e as políticas de redución de residuos se constitúa en normativa horizontal aplicable e obrigatoria a todos os sectores económicos e na cal esta norma de calidade quede ben integrada. Malia isto, xa que a presente norma non contén disposicións que provoquen un impacto ambiental negativo, considérase que o contido deste real decreto vai en liña coa lexislación de residuos e solos contaminados e co I Plan de acción de economía circular. En particular, o texto axústase ao disposto na actual Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, en concreto en canto aos principios da política de residuos que recolle o capítulo II do título I, e son de directa aplicación todas as normas da dita lei, como as de xestión de residuos que recollen os artigos 17 e seguintes ou as de información sobre residuos dos artigos 39 e seguintes, e, do mesmo modo, ás previsións correlativas do actual proxecto de lei de residuos e solos contaminados, en tramitación parlamentaria no momento de aprobar este real decreto, e ás súas novas disposicións sobre plásticos dun só uso ou prevención de residuos. Así mesmo, tamén é de aplicación a normativa específica sobre envases e residuos de envases, isto é, a Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases e o seu regulamento de desenvolvemento. En canto ao I Plan de acción de economía circular, aprobado polo Consello de Ministros o 21 de maio de 2021, o real decreto adecúase ao seu contido como ocorre co resto de actividades produtivas, nos seus oito eixes e, singularmente, nos tres primeiros, referentes á produción, consumo e xestión de residuos.

Este real decreto foi sometido ao procedemento previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

O contido deste real decreto axústase aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en virtude dos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de establecer unha ordenación adecuada do sector do aceite de oliva e bagazo de oliva, e a derogación do Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles, na parte referente aos aceites de oliva e de bagazo de oliva, e a aprobación dunha nova norma de calidade que regule, de forma específica, o aceite de oliva e de bagazo de oliva e a forma máis adecuada de conseguilo. Tivéronse en conta,

así mesmo, os principios de eficiencia e proporcionalidade, ao establecer unha regulación e limitar as cargas administrativas ás mínimas imprescindibles para a consecución dos fins que se pretenden. En aplicación do principio de transparencia, ademais do trámite de consulta pública e o de información pública, durante a tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados e os consumidores, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria. Por último, o real decreto atende ao principio de seguridade xurídica, mantén a coherencia co resto do ordenamento xurídico que é de aplicación e deixa aos operadores os necesarios períodos transitorios de adaptación á norma.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Así mesmo, a Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria, senta a base xurídica en materia de defensa da calidade dos alimentos e establece a súa regulación básica. Na súa disposición derradeira cuarta habilita o Goberno para aprobar normas de calidade de produtos alimenticios. Estas normas permiten asegurar e manter a calidade dos produtos que se ofrecen no mercado, xa que unha caracterización e categorización destes facilita ao consumidor a súa elección ao poder comparar e elixir o que máis se axuste aos seus gustos ou necesidades.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, da ministra de Industria, Comercio e Turismo e do ministro de Consumo, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de agosto de 2021,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é establecer a norma de calidade dos aceites de oliva e de bagazo de oliva.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta norma é de aplicación:

1. A todas as instalacións de elaboración de aceite de oliva e de bagazo de oliva radicadas en España.
2. A todos os aceites de oliva e de bagazo de oliva elaborados en España para a súa comercialización en España, sen prexuízo do establecido na cláusula de recoñecemento mutuo.
3. Aos operadores que elaboren ou comercialicen aceites de oliva e de bagazo de oliva en España, sen prexuízo do establecido na cláusula de recoñecemento mutuo.

En todo caso, aplicarase a cláusula de recoñecemento mutuo contida na disposición adicional primeira.

Artigo 3. *Denominacións e definicións dos produtos.*

1. As definicións e denominacións das distintas categorías de produtos en que se clasifican os aceites de oliva e de bagazo de oliva serán as establecidas na parte VIII do anexo VII do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007 e na normativa europea que o desenvolva ou substitúa.

2. Para os efectos deste real decreto entenderase por:
- a) Centro de compra e/ou recepción de olivas: é a instalación que se dedica á compra e/ou recepción de olivas enteiras e crúas de distintos agricultores para entregalas a un lagar ou a unha entamadora, non realizándose ningunha transformación dos froitos.
 - b) Lagar: é o muíño ou industria onde se obtén o aceite de oliva virxe por medios mecánicos ou físicos a través da moedura das olivas, froitos de *Olea europaea* L.
 - c) Lagar móbil: é aquel lagar que se despraza para moer olivas, froitos de *Olea europaea* L., *in situ* para a obtención de aceite de oliva virxe e que non posúe unha localización física determinada ou fixa.
 - d) Envasadora de aceite: é a industria ou instalación onde se realiza o envasado dos aceites de oliva e de bagazo de oliva con destino á alimentación humana.
 - e) Refinaría: é a industria ou instalación onde se realiza a refinación dos aceites de oliva e de bagazo de oliva con destino á alimentación humana.
 - f) Extractora de bagazo: é a industria ou instalación destinada á actividade de obtención por procedementos físicos ou químicos dos aceites de bagazo de oliva crus a partir de bagazo graxo de oliva. Inclúense aquelas instalacións que só realizan a actividade de secado de bagazo graxo húmido procedente da moedura de olivas.
 - g) Almacén: é o establecemento en que non se realiza ningunha transformación do produto e só se almacena de forma intermedia entre outros operadores do sector.
 - h) Operador: é a persoa física ou xurídica que desenvolve a súa actividade no sector e no mercado dos aceites de oliva e de bagazo de oliva, incluídos os colleiteiros que retiren a granel o seu aceite do lagar e todo aquel que compre ou retire aceite de oliva virxe a granel dun lagar. Así mesmo, consideraranse operadores as entamadoras e envasadoras de olivas cando empreguen froitos de *Olea europaea* L. para a súa ulterior transformación en aceite. Os operadores poderán ter ou non instalacións.
 - i) Colleiteiro: é a persoa física ou xurídica titular dunha explotación de oliveiras que produce oliva (*Olea europaea* L.) para a súa transformación en aceite de oliva obtido mediante moedura de oliva da súa propiedade por un lagar que lle presta servizo de moedura.
 - j) Refinación: é todo aquel proceso a que se someten os aceites de oliva e de bagazo de oliva cru diferente á obtención por procedementos físicos e á clarificación por lavado, sedimentación, centrifugación ou filtración.
 - k) Proceso continuo: é aquel que se produce sen pausa ningunha e sen transición entre operación e operación, pero permítese, non obstante, a existencia dunha moega ou depósito intermedio que permita o enlace entre elas. O tempo máximo permitido de permanencia da masa na moega ou depósito intermedio son 12 horas, sempre dentro dunha mesma industria.
 - l) Consumidor final: é o consumidor último dun produto alimenticio que non empregará o dito alimento como parte de ningunha operación ou actividade mercantil no sector da alimentación.
 - m) Colectividades: é calquera establecemento (incluídos un vehículo ou un posto fixo ou móbil) como restaurantes, comedores, centros de ensino, hospitais e empresas de subministración de comidas preparadas e outros centros sociais en que, como actividade empresarial, se preparan alimentos listos para o consumo polo consumidor final.

Artigo 4. *Obrigacións de rastrexabilidade.*

1. Será obrigatorio que os operadores con instalacións dispoñan, no lugar onde estean os produtos, dun sistema de rexistros de rastrexabilidade, segundo o recollido no anexo I, que inclúa todos os produtos que se encontren nelas.

As anotacións nos ditos rexistros deberán efectuarse en tempo real.

Sen prexuízo do establecido na normativa da Unión Europea, non estarán obrigados a levar os rexistros establecidos pola presente norma os almacéns dedicados

exclusivamente ao almacenamento e á distribución de aceites de oliva e de bagazo de oliva envasados e dispostos para a súa venda ao consumidor final, e os comercios retalistas.

2. Será obrigatorio, no transporte de aceites de oliva e de bagazo de oliva a granel, que os operadores notifiquen ao sistema informatizado habilitado para o efecto polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, con anterioridade a que se produza o movemento, os datos a que fai referencia o número 3 do presente artigo. O operador responsable de notificar a información será o tedor dos aceites de oliva e de bagazo de oliva no momento da expedición do aceite. No caso dos transportes de aceites de oliva ou de bagazo de oliva a granel provenientes de terceiros países ou doutros Estados membros, será responsable da notificación ao sistema o destinatario final da mercadoría. En todo caso, esta notificación deberá terse efectuado antes de que o granel de aceite de oliva ou de bagazo de oliva entre en territorio nacional.

3. Será obrigatorio que no transporte de aceites de oliva e de bagazo de oliva, sexa a granel ou non, a mercadoría vaia acompañada, en todos os casos e en todo momento, por un documento que conteña ao menos os datos recollidos no anexo II deste real decreto e que identifique inequivocamente a denominación do produto correspondente segundo a normativa aplicable.

Ademais, no caso de transportes a granel, a mercadoría deberá ir acompañada dun boletín de análise ou dun documento asimilado asinado que acredite a clasificación do aceite de oliva ou de bagazo de oliva declarada no documento de acompañamento.

Nos transportes a granel, o sistema informatizado mencionado no número 2 xerará o documento de acompañamento.

O operador responsable de que se porte o documento de acompañamento establecido neste punto será:

- a) O tedor dos aceites de oliva e de bagazo no momento da expedición.
- b) No caso dos transportes de aceites de oliva ou de bagazo de oliva provenientes de terceiros países ou doutros Estados membros, o destinatario final da mercadoría.

4. Será obrigatorio que os lagares, as refinarías e as extractoras de aceite de bagazo que xa estivesen en funcionamento no momento da entrada en vigor desta norma notifiquen ao sistema informatizado a que se fai referencia no número 2 do presente artigo a información dos movementos que se recolle na epígrafe A do anexo II e os datos do destino dentro da instalación para os aceites de oliva e de bagazo de oliva a granel que se produzan entre os lagares, refinarías e extractoras situadas na súa instalación.

Así mesmo, deberán notificar anualmente á autoridade competente de control un informe recompilatorio dos rexistros de rastrexabilidade a que se fai referencia no número 1 en que se fagan constar as entradas, saídas e movementos internos de cada categoría de aceite que produzan, almacenen ou comercialicen.

Artigo 5. *Obrigacións específicas en relación coas instalacións.*

1. Os lagares, as refinarías e as extractoras de aceite de bagazo de nova creación deberán estar localizadas de maneira independente. En ningún caso poderán estar conectadas por ningunha conducción.

2. Os lagares, as refinarías e as extractoras de aceite de bagazo de nova creación deberán estar debidamente illados ou separados de calquera outra industria ou local alleo aos seus labores específicos e, en particular, dos dedicados á produción, transformación, almacenamento a granel e envasado de graxas animais ou vexetais e de graxas e aceites industriais ou minerais.

3. Os lagares ou calquera outro establecemento dun operador do sector deberán clasificar conforme as denominacións que establece a normativa europea todo o aceite que expidan.

4. Nas envasadoras de aceite, as conducións e os depósitos nai dos aceites regulados nesta norma deberán estar debidamente acondicionados para evitar contaminacións cruzadas.

Artigo 6. Obrigacións específicas en relación cos aceites.

1. Os aceites de oliva e de bagazo de oliva obxecto da presente disposición cumprirán as características fisicoquímicas e organolépticas establecidas nas normas da Unión Europea que regulan esta materia.

2. O aceite de oliva lampante deberá ser sometido a refinación previa para ser destinado a uso alimentario.

3. Os aceites de oliva e de bagazo de oliva deben estar sempre protexidos de condicións ambientais adversas que poidan alterar as súas características fisicoquímicas e organolépticas e, por tanto, débese garantir que se almacenarán, transportarán e comercializarán protexidos da luz e da calor.

Artigo 7. Obrigacións específicas en relación cos envases.

1. Os envases en que se presentarán os aceites estarán limpos, serán de materiais aptos para uso alimentario e que protexan os aceites dos procesos oxidativos, segundo a normativa hixiénico-sanitaria nacional e europea vixente, sen que en ningún caso os ditos envases poidan modificar as características do contido nin transmitir sabores ou olores estraños, nin ocasionar alteracións ao produto tal e como establece o Regulamento (CE) n.º 1935/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de outubro de 2004, sobre os materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos e polo que se derrogan as directivas 80/590/CEE e 89/109/CEE. Así mesmo, deberán estar sempre protexidos de acordo co número 3 do artigo 6.

2. Os envases dos aceites de oliva e de bagazo de oliva destinados á venda ou entrega ao consumidor final, incluídos aqueles entregados polos lagares aos seus colleiteiros para o seu consumo, así como aqueles subministrados a colectividades, deberán dispor dun dispositivo de peche irrecuperable e inviolable de acordo co previsto no artigo 2, número 1, do Regulamento de execución (UE) n.º 29/2012 da Comisión, do 13 de xaneiro de 2012, sobre as normas de comercialización do aceite de oliva, e estarán etiquetados conforme o disposto na lexislación vixente.

3. De conformidade co previsto no artigo 2, número 1, do Regulamento de execución (UE) n.º 29/2012 da Comisión, os envases destinados á venda ao consumidor final, incluídos aqueles subministrados polos lagares aos colleiteiros para o seu consumo, terán unha capacidade máxima de cinco litros. Os aceites subministrados a colectividades poderán, así mesmo, comercializarse en envases de dez, vinte, vinte e cinco e cincuenta litros de capacidade.

4. Os envases que se poñan á disposición dos consumidores finais, nos establecementos das colectividades disporán dun sistema de protección que impida a súa reutilización unha vez esgotado o seu contido orixinal.

5. Os envases que se poñan no mercado deberán cumprir, así mesmo, coas prescricións previstas na normativa sobre envases e residuos de envases.

Artigo 8. Prácticas prohibidas.

1. Prohíbese:

a) A elaboración en territorio español para consumo interno de mesturas de aceites de oliva e de bagazo de oliva con outros aceites ou graxas de orixe vexetal a que fai referencia o último parágrafo do número 1 do artigo 6 do Regulamento de execución (UE) n.º 29/2012 da Comisión, do 13 de xaneiro de 2012, sobre as normas de comercialización do aceite de oliva. As ditas mesturas non poderán comercializarse baixo ningunha denominación de alimento, para evitar que poidan confundirse cos aceites de oliva ou de bagazo de oliva da presente norma.

b) A elaboración en territorio español para a súa comercialización no mercado nacional utilizando o termo «virxe» ou «virxe extra» na etiquetaxe, de produtos alimenticios de aparencia oleosa que poidan confundirse cos aceites de oliva da presente norma, tales como aceites, condimentos, aderezos, produtos similares, sen prexuízo do establecido na cláusula de recoñecemento mutuo.

c) O transvasamento ou enchedura de recipientes ou envases destinados ao consumidor final de aceite de oliva ou de bagazo de oliva nas colectividades.

d) Que as mesturas de aceites de oliva virxes previamente clasificados se clasifiquen cunha categoría superior á do aceite de menor categoría utilizado.

e) Que nos lagares, almacéns e envasadoras de aceite de oliva virxe se dispoña de instalacións e medios técnicos específicos para a desodorización e/ou calquera outra etapa ou forma de refinación de aceites.

f) Que os lagares reciban ou procesen bagazos procedentes doutros lagares.

g) O depósito, almacenamento e transporte de aceites de oliva e de bagazo de oliva que non estean debidamente identificados coa categoría de produto que lles corresponde, excepto nos lagares, cuxa clasificación nese caso virá dada antes da súa expedición.

2. Nas instalacións definidas no artigo 3 destinadas á obtención de aceite de oliva e de bagazo de oliva quedan prohibidos:

a) O lavado alcalino dos aceites, excepto nas refinarías.

b) A extracción ou refinación de aceites de oliva e de bagazo de oliva, por procedementos, disolventes ou coadjuvantes distintos dos autorizados, así como a adición de aceites industriais, minerais, esterificados ou de síntese.

c) A realización de procesos de esterificación ou calquera práctica que poida alterar a estrutura glicerídica do aceite.

d) O tratamento dos aceites con aire, oxíxeno, ozono ou outras substancias químicas oxidantes salvo o necesario para o bombeo nas trasfegas, a inertización de envases e depósitos, e homoxeneización mediante nitróxeno ou outros gases inertes, sen prexuízo da lexislación da Unión Europea.

e) A tenza ou manipulación nas instalacións dedicadas á extracción, refinación, envasado ou almacenamento a granel de aceites de oliva e de bagazo de oliva, de glicerina, graxas ou aceites animais, vexetais, industriais ou de síntese e de calquera substancia non autorizada, cuxo emprego non estea autorizado nin xustifico.

f) Nos lagares, a recentrifugación en proceso non continuo das masas procedentes dos sistemas de obtención de aceite de oliva virxe, para evitar a súa fermentación. Unicamente poderá realizarse a recentrifugación das masas procedentes dos sistemas de obtención de aceite de oliva virxe despois da súa termobatedura, en proceso continuo, e en ningún caso se permite a recentrifugación das masas ou bagazos procedentes de depósitos ou balsas de almacenamento diferentes ás referidas no artigo 3, número 2, letra k).

Artigo 9. *Control oficial, coordinación e réxime sancionador.*

1. As autoridades competentes de control oficial realizarán ao menos un control de conformidade por cada mil toneladas de aceite de oliva e de bagazo de oliva comercializado co fin de verificar as súas características de calidade segundo o establecido no Regulamento (CEE) n.º 2568/91 da Comisión, do 11 de xullo de 1991, relativo ás características dos aceites de oliva e dos aceites de bagazo de oliva e sobre os seus métodos de análise.

2. Os métodos para a toma de mostras e análise serán os establecidos para cada produto na normativa da Unión Europea ou, na súa falta, nas disposicións nacionais ou autonómicas.

3. A verificación da conformidade coa categoría declarada na etiquetaxe dos aceites de oliva virxes será efectuada polos laboratorios oficiais recoñecidos para tal fin

en canto ás súas características fisicoquímicas, e en relación coas súas características organolépticas polos paneis de catadores designados por parte da autoridade competente para a que vaian realizar tarefas de control oficial conforme o disposto no Real decreto 227/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece a normativa básica referente aos paneis de catadores de aceite de oliva virxe.

4. Sen prexuízo dos controis establecidos pola normativa da Unión Europea aos cales fai referencia o número 1, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación coordinará un plan de control específico para a verificación da rastrexabilidade do sector do aceite de oliva e de bagazo de oliva, descrita no artigo 4. No dito plan deberanse prever controis específicos para os lagares, as refinarías e extractoras de aceite de bagazo non recollidos nos números 1 e 2 do artigo 5.

5. A información acerca dos resultados dos controis de conformidade levados a cabo segundo o disposto no número 1 comunicarase no formato establecido ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación antes do día 1 de maio de cada ano.

6. Toda a información agregada se recollerá nun informe anual sobre controis oficiais que será publicado por parte da Administración xeral do Estado por instancia do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. O dito informe conterá, ao menos, unha valoración expresa da suficiencia do número de controis practicados, así como do resultado dos ditos controis en cumprimento da normativa vixente.

7. O Plan de control específico presentarase para o seu debate na Mesa de Coordinación da Calidade Alimentaria e incluírá, ao menos, a programación das actuacións de control, así como o protocolo para a organización das campañas de inspección, tendo en conta os resultados dos controis de conformidade efectuados polas comunidades autónomas, así como os datos contidos no Sistema de información dos mercados oleícolas, adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Anualmente, revisarase o citado plan no seo da Mesa de Coordinación da Calidade Alimentaria.

8. As sancións que se impoñan como froito dos controis levados a cabo serán eficaces, proporcionadas e disuasorias, e imporanse de acordo coa Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria, o Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, a lexislación autonómica na materia e demais lexislación aplicable.

Artigo 10. *Mellora da percepción dos consumidores do aceite de oliva virxe extra.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o Ministerio de Consumo, as asociacións representativas de ámbito nacional do sector produtor, da industria e da distribución, e o Consello de Consumidores e Usuarios acordarán un código de boas prácticas, antes do 1 de outubro de 2022, que permita a mellora da percepción polos consumidores da calidade do aceite de oliva virxe extra, e promoverán estratexias para a súa diferenciación e valorización, incluído o uso de envases e formas de presentación que permitan diferencialo dos aceites doutras categorías.

2. O código de boas prácticas detallará os mecanismos de avaliación e control deste e, tras o seu acordo, será publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de presentación na Conferencia Sectorial de Agricultura e na Conferencia Sectorial de Consumo.

3. A adhesión ao código de boas prácticas será voluntaria para os axentes do sector que o subscriban. Desde a súa adhesión, os operadores quedarán obrigados ao cumprimento dos principios e regras que conteña. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará anualmente a relación de operadores adheridos ao código de boas prácticas.

4. As entidades adheridas ao código de boas prácticas informarán anualmente do cumprimento deste o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o Ministerio de Consumo para o seu control e supervisión, os cales informarán as asociacións

representativas do sector produtor, da industria e da distribución, así como o Consello de Consumidores e Usuarios.

Disposición adicional primeira. *Cláusula de recoñecemento mutuo.*

As mercadorías comercializadas legalmente noutro Estado membro da Unión Europea ou en Turquía, ou orixinarias dun Estado da Asociación Europea de Libre Comercio signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e comercializadas legalmente nel, considéranse conformes co presente real decreto. A aplicación deste real decreto está suxeita ao Regulamento (UE) 2019/515 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2019, relativo ao recoñecemento mutuo de mercadorías comercializadas legalmente noutro Estado membro e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 764/2008.

Disposición adicional segunda. *Sistema informatizado.*

Para facilitar o cumprimento do deber de notificación establecido no artigo 4, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación desenvolverá, como máis tarde o 1 de outubro de 2021, un soporte informático cos protocolos técnicos necesarios para o correcto funcionamento que, pola súa vez, se apoiará no sistema de información dos mercados oleícolas adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e regulado polo Real decreto 861/2018, do 13 de xullo, polo que se establece a normativa básica en materia de declaracións obrigatorias dos sectores do aceite de oliva e as olivas de mesa e polo que se modifica o Real decreto 772/2017, do 28 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola.

A este sistema terán acceso os operadores responsables da notificación realizada, as autoridades competentes para efectos do control, así como os corpos e forzas de seguridade do Estado e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición transitoria primeira. *Período transitorio.*

O disposto nos números 2, 3 e 4 do artigo 4 non será obrigatorio até o 1 de outubro de 2021.

Disposición transitoria segunda. *Instalacións en construción no momento de entrada en vigor da norma.*

Estarán exceptuados das obrigacións establecidas nos números 1 e 2 do artigo 5 os lagares, as refinarías e as extractoras de aceite de bagazo que xa estivesen en construción no momento de entrada en vigor desta norma.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente real decreto e, en particular:

- a) O Real decreto 3000/1979, do 7 de decembro, sobre regulación de procesos industriais no sector do aceite de oliva.
- b) O Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles, na parte referente aos aceites de oliva e de bagazo de oliva, e en todo caso o punto 1 do número II, os puntos 5.1 e 6.7.a) do número III e o punto 2 do número V da regulamentación.
- c) O Real decreto 259/1985, do 20 de febreiro, polo que se complementa a Regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles, coa aplicación da determinación de eritrodíol nos aceites de oliva.
- d) O Real decreto 2551/1986, do 21 de novembro, polo que se regula a elaboración e comercialización de aceite de bagazo refinado e de oliva.

e) O Real decreto 1431/2003, do 21 de novembro, polo que se establecen determinadas medidas de comercialización no sector dos aceites de oliva e aceite de bagazo de oliva.

f) A Orde do 12 de decembro de 1984 sobre entrega de aceite de oliva virxe polos lagares aos seus colleiteiros para autoconsumo.

g) A Orde APA/1343/2004, do 7 de maio, pola que se regula o rexistro xeral de determinadas industrias autorizadas para a comercialización do aceite de oliva.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Decreto 2484/1967, do 21 de setembro, polo que se aproba o texto do Código alimentario español.*

A sección 2.^a do capítulo XVI do Decreto 2484/1967, do 21 de setembro, polo que se aproba o texto do Código alimentario español, queda redactada como segue:

«Os aceites de oliva e de bagazo de oliva rexeranse polo previsto no Real decreto 760/2021, do 31 de agosto, polo que se aproba a norma de calidade dos aceites de oliva e de bagazo de oliva.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles.*

A Regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles, aprobada polo Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un novo parágrafo ao número I, coa seguinte redacción:

«Esta regulamentación non é de aplicación aos aceites de oliva e de bagazo de oliva, que se rexerán polo previsto no Real decreto 760/2021, do 31 de agosto, polo que se aproba a norma de calidade dos aceites de oliva e de bagazo de oliva.»

Dous. O punto 6.1 do número III queda redactado como segue:

«6.1 A extracción ou refinación dos aceites regulados na presente norma por procedementos distintos dos autorizados.»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de agosto de 2021.

FELIPE R.

ANEXO I

Rexistros de rastrexabilidade

Parte A. Condicións xerais dos rexistros

1. No rexistro de rastrexabilidade interna deberán facerse constar, ao menos, as operacións seguintes: obtención de aceites, extracción, refinación, clasificación, cambio de depósito, mesturas de aceites, envasado de aceites.

2. Cada produto debe identificarse no rexistro de entrada coa identificación que previamente lle asignou o subministrador; no caso de centros de compra e/ou recepción, lagares e entamadoras identificaranse a parcela e o polígono catastrais de orixe da oliva e o propietario desta.

3. Nos rexistros de entradas e saídas deberá indicarse o destino interno ou o uso do produto (almacén, depósito, moega, liña de procesado, etc.) ou a súa procedencia. Así mesmo, deberá indicarse o saldo no/s depósito/s de entrada ou de saída.

4. Nos rexistros de entradas e saídas estarán claramente identificados os documentos de acompañamento e, cando cumpra, os boletíns de análise ou documento asimilado que amparen calquera movemento de mercadorías.

Os rexistros de entradas e saídas cubriranse cando haxa un cambio de propiedade da mercadoría (aínda que non haxa movemento físico) ou cando se realice un movemento físico dela.

5. Aquelas mencións que pretendan incluírse posteriormente na etiquetaxe dos produtos, tales como lote, primeira presión en frío, extracción en frío, ano de colleita, variedade, etc. rexistraranse adecuadamente de tal forma que se poidan verificar ao longo de toda a documentación do produto en cuestión.

6. Na identificación de calquera produto deberá existir correlación entre a identificación do depósito onde se almacena e a información reflectida nos rexistros. Tal obrigação debe entenderse sen prexuízo da variación das características derivadas da evolución natural dos produtos. A dita variación deberá reflectirse no rexistro sempre que sexa coñecida polo operador.

Parte B. Categoría de produtos que debe constar nos distintos rexistros

a) Olivas.

– Oliva para obtención de aceite.

b) Aceites de oliva.

– Aceite de oliva sen clasificar.

– Aceite de oliva virxe extra.

– Aceite de oliva virxe.

– Aceite de oliva lampante.

– Aceite de oliva refinado.

– Aceite de oliva que contén exclusivamente aceites de oliva refinados e aceites de oliva virxes.

c) Aceites de bagazo de oliva.

– Aceite de bagazo de oliva cru.

– Aceite de bagazo de oliva refinado.

– Aceite de bagazo de oliva.

- d) Os subprodutos de todas as instalacións, dos cales se poida obter aceite.
- e) Outros aceites vexetais comestibles.

No caso das industrias e operadores que, ademais de traballaren con aceites de oliva e bagazo de oliva, elaboren, refinen, almacenen ou envasen outros aceites vexetais comestibles.

Parte C. Información que deben conter os rexistros de entradas e saídas do sistema de rastrexabilidade dos operadores con instalacións

- a) Identificación do documento de acompañamento, e boletín de análise ou documento asimilado, cando proceda.
- b) Identificación do vendedor ou subministrador: nome, domicilio, identificación fiscal e domicilio do establecemento de procedencia. Deste último indícase, así mesmo, o nome e a identificación fiscal cando sexa diferente do vendedor ou subministrador.
- c) Identificación do comprador ou receptor, incluído o retalista último receptor do aceite envasado: nome, domicilio, identificación fiscal e domicilio do establecemento de destino. Deste último indícase, así mesmo, o nome e a identificación fiscal cando sexa diferente do comprador ou receptor.
- d) Identificación do produto: denominación, lote, cantidade e características que se consideren relevantes para a súa identificación, tales como granel, envasado, etiquetaxe, húmido ou seco.
- e) Indicación da orixe do produto: país de procedencia. Para efectos de dar cumprimento, se for o caso, ao establecido no artigo 4 do Regulamento de execución (UE) n.º 29/2012 da Comisión, do 13 de xaneiro de 2012, rexístrase España, Estado membro, Unión Europea ou nome dun terceiro país, segundo se establece neste regulamento.
- f) Características do produto que se queiran indicar na etiquetaxe.
- g) Data da operación.
- h) Identificación do transportista: empresa (nome, domicilio, identificación fiscal), tipo de vehículo e a súa matrícula ou outra forma, se for o caso, de identificación legal do medio de transporte.

Parte D. Información que debe conter o rexistro de rastrexabilidade interna nas instalacións dos operadores

O sistema de rastrexabilidade interna conterá, ao menos, a seguinte información:

- a) Operación ou práctica realizada.
- b) Identificación dos produtos de que se parte: denominación, lote (cando corresponda), cantidade.
- c) Identificación dos produtos obtidos: denominación, lote (cando corresponda), cantidade.
- d) Data da operación e, se for o caso, hora.
- e) Procedencia interna dos produtos de que se parte (almacén, depósito, moega, liña de procesado, etc.). Saldo no depósito ou depósitos de procedencia.
- f) Destino interno ou uso dos produtos obtidos (almacén, depósito, moega, liña de procesado, etc.). Saldo no depósito ou depósitos de destino.

ANEXO II

Información mínima do documento de acompañamento durante o transporte ou os movementos de aceite

A. Identificación do produto:

- Identificación do produto: denominación tal e como se establece na lexislación de aplicación, lote e características que se consideren relevantes para a súa identificación.
- Indicación da orixe do produto: país de procedencia.
- Nos produtos a granel: outras mencións voluntarias e que se queiran indicar a posteriori na etiquetaxe, como poden ser variedade, campaña de colleita, extracción en frío, primeira presión en frío, produción ecolóxica, etc.
- Cantidade de produto.

B. Datos de orixe da mercadoría:

Identificación do tedor: nome, domicilio, identificación fiscal e domicilio do establecemento de procedencia.

Deste último indicárase, así mesmo, o nome e a identificación fiscal cando sexa diferente do vendedor ou subministrador.

C. Datos do transporte:

Identificación da empresa de transporte e do medio de transporte utilizado e, se for o caso, porto de entrada, así como a data deste, a matrícula do camiión e da cisterna e a súa capacidade.

D. Datos de destino da mercadoría:

Identificación do comprador ou receptor, incluído o retalista último receptor do aceite envasado: nome, domicilio, identificación fiscal e domicilio do establecemento de destino.

Deste último indicárase, así mesmo, o nome e a identificación fiscal cando sexa diferente do comprador ou receptor.